

Cada vez que comungo

Cada vez que me achego ata o teu altar,
estou a reforzar a miña amizade contigo,
atópote como alguén vivo e próximo
e sinto a túa esperanza e fortaleza no meu interior.
Cada vez que comulgo contigo,
acepto as túas ideas radicais,
de preferir os pobres e marxidados
para gastar a miña vida en mellorar a súa.
Cada vez que che recibo nas miñas entrañas,
renovas as miñas ilusións fraternas,
porque me indicas claramente a ruta
de construír unha terra xusta e nova.
Cada vez que me achego ata o teu altar,
énchesme de entusiasmo e de sentido
e xa non podo prescindir de evangelizar
de agrandar o meu corazón universal.
Cada vez que comungo, Señor,
o teu espírito anímame e sostenme,
fas renacer en min a solidariedade,
un talante agradecido e fraternal.



Eucaristía es Jesucristo AYER HOY Y SIEMPRE



Cinco panes
y dos peces

Evaxeo
19-xuño-2022
12º-ORDINARIO-C

Corpus Christi - C



**Eucaristía é Xesucristo
onte, hoxe e para sempre**

Corpus Christi - C

XÉNESE 4, 18-20: *Ofreceu pan e viño.*

Naqueles días, Melquisedec, rei de Salén, sacerdote do Deus altísimo, sacou **pan e viño, e bendiciuno** dicindo: «*Bendito sexa Abrán polo Deus altísimo, creador de ceo e terra; bendito sexa o Deus altísimo, que che entregou os teus inimigos*». E Abrán deulle o décimo de todo. *Palabra do Señor.*

SALMO 109: R/. Ti es sacerdote eterno, segundo o rito de Melquisedec.

1ª CORINTIOS 11,23-26: *Cada vez que comedes e bebedes, proclamades a morte do Señor.*

Irmáns: Eu recibín unha tradición, que procede do Señor e que canda min vos transmitín: que o Señor Xesús, na noite en que ía ser entregado, tomou pan e, pronunciando a Acción de Grazas, partiuno e dixo: «*Isto é o meu corpo, que se entrega por vós. Facede isto en memoria miña*». *O mesmo fixo co cáliz, despois de cear, dicindo: «Este cáliz é a nova alianza no meu sangue; facede isto cada vez que o bebedes, en memoria miña*». Por iso, cada vez que comedes deste pan e bebedes do cáliz, proclamades a morte do Señor, ata que volva.

LUCAS 9, 11b-17: *Comeron todos e se saciaron.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús púxose a falar ao xentío do reino de Deus e curou os que o necesitaban. Caía a tarde, e os Doce achegáronse a dicirlle:

Apóstolos: -Despide a xente; que vaian ás aldeas e casaríos do redor a buscar aloxamento e comida, porque aquí estamos en claro.

Narrador: El contestoulles:

Xesús: - Dádelle vós para comer.

Narrador: Eles replicáronlle:

Apóstolos: -Non temos máis que cinco pans e dous peixes; a non ser que vaíamos comprar para comer para todo este xentío.

Narrador: Porque eran uns cinco mil homes. Xesús díxolles aos seus discípulos:

Xesús: - Dídelle que senten en grupos duns cincuenta.

Narrador: Fixérono así, e todos sentaron. El, tomando os cinco pans e os dous peixes, alzou a mirada ao ceo, pronunciou a bendición sobre eles, partiunos e deullos aos discípulos para que llos servisen á xente. Comeron todos e se saciaron, e colleron as sobras: doce cestos.

Palabra del Señor

(Narrador-Apóstolos-Xesús).



**Hoy es domingo...
¡y mi alma lo sabe!**



Eucaristía é Xesucristo Onte, Hoxe e para SEMPRE

1. VER: “Iso é imposible”

- Moitas veces non nos poñemos a facer as cousas porque nos parecen imposibles. Cantas veces, con todo, temos dito isto é imposible e logo puidemos realizalas.

Realizaches algo que che parecía imposible?

2. XULGAR: Xesús fai o imposible

- No evanxeo de hoxe, Xesús ve con fame a xente que acudiu a escoitalo e dilles aos apóstolos: “*Dádelle vós para comer*”. Xesús toma os cinco pans e os dous peixes que tiñan e fai o milagre de dar para comer a aquela multitude. A alimentación dos cinco mil: https://youtu.be/h68_w3NV3gM

QUE NOS QUERE DICIR?

1. Xesús fai o milagre de compartir. Os apóstolos crían que a solución é que se fosen e cada un comese o que puidese. Xesús dá outra solución: realizar un milagre. Cal? **Compartir cada un o pouco ou moito que teña.**

*Cada un foi poñendo o pouco que tiñan e entre todos logrouse o milagre.

*Cantos milagres podemos facer hoxe ante o problema da fame, da acollida de ucráinos, a carencia de recursos ante a subida da luz e do gas. Xesús veu demostrar que outro mundo é posible se compartimos.

2. Pero Xesús fai outro milagre que parece imposible. Algúns só cren o que poden ver ou tocar por iso a fe resultalle rexeitable. **Pois Xesús fai posible o imposible: queda connosco para sempre nun anaco de pan.** E ese PAN con maiúsculas o sacerdote párteo e reparte na eucaristía para que sexa alimento para todos, de forma que a nosa fe sexa máis forte.

***Na Eucaristía Xesús fai posible o imposible. A Eucaristía é ONTE** (Xesús tomou o pan e converteuno no seu Corpo), **é HOXE** (hoxe o sacerdote ao bendicir o Pan fai a Xesús presente) e **é SEMPRE** (Xesús sempre acudirá á cita da eucaristía). Un milagre, “posible” ou “imposible”.

Receta tradicional, Verbo Divino 2022, reflexión: <https://youtu.be/mSU-QVxh26A>

Que che parecen estes dous milagres: multiplicar o pan e a eucaristía?

3. ACTUAR: Xesús quere hoxe seguir multiplicando

- Lembra que hoxe é o día do SI, aprendemos a compartir o pouco que temos. - Mirade se ao voso lado hai persoas con carencias e que podedes compartir. - Falade co equipo de Cáritas da comunidade e colaborade con eles. - Aprendede a ser pan para os demais, a compartir, a saciar tantas “fames”. - Valora a Eucaristía do domingo, Xesús quere reunirse contigo e desexa alimentar a túa fe. Vai en familia e aprenderedes a ser pan partido e compartido. - Xesús está preto de ti, acode a El cando non ves solución a algo. El nunca che vai fallar. - Organizade unha visita a Xesús, rezando un momento ante El.

-Estás aquí, Jesed (Canto a la Eucaristía):

<https://www.youtube.com/watch?v=hwRGk-f11m/s>